

## Contos da tradición oral de Galicia

### *Conto: Os dous irmáns e o xigante*

ATU 1060 + 1065A\* + 1085 + 1088 [Tales of the Stupid Ogre, Giant, or Devil: Contest between Man and Ogre + Pushing a hole into a tree + Eating contest]

Image: Hercules\_killing\_Antaeus.jp

\_\_\_\_\_ Ben, a tía contaba que aló cerca da súa aldea, preto de Lugo, vivía unha muller viúva que tiña dous fillos.

Destes seus fillos sempre se dixera que un era moi listo e o outro, o máis novo, bastante paspán, e que non facía unha ao dereito. O listo, que era o máis vello e se chamaba Andrés, un día foi levar as ovellas ao monte. Cando máis entretido estaba, oíu algo que lle fixo mirar arredor, vendo un xigante horrible con unha gran pedra na man, e que, erguéndose cara a el, lle dicía:

—Se te achegas a min, fágoche así! —Premendo unha pedra coas dúas mans, desfixoa, caéndolle entre os dedos coma se fose area.


Andrés, ao que dicían o listo, tivo tanto medo que fuxiu cara a casa espantado, deixando no monte as ovellas. Cando chegou á casa preguntoulle a súa nai:

—Que pasou? Onde deixaches as ovellas?

O fillo listo contestoulle que as deixara no monte porque lle collera moito medo a un xigante que por alí andaba. Oíndo isto, o seu irmán máis novo, o Camilo, ao que sempre tacharan de parvo, dixo:

—Agora vou eu aló!

Image: anano.jpg



E, en chegando ao monte, tamén el viu o xigante que facía o mesmo: coller unha pedra entre as mans e, premendo, premendo, deixala caer coma se fose area.

Cando isto viu, liscou cara á casa e pediulle a súa nai unha pouca de manteiga fresca. Coa manteiga volveu ao monte en procura do xigante. O xigante díxolle:

—Se vés aquí, fágoche así! —E volveu desfacer a pedra entre as mans.

O Camilo fixolle fronte e díxolle:

—Pois se ti tamén vés aquí, eu fágoche así! —E apertou a manteiga entre as mans, desfacéndoa.

O xigante que tal cousa viu quedou admirado e propúxolle:

—Se ti queres ser o meu criado, heiche pagar vinte pesos cada día pero con unha condición: tesme que gañar en todo o que fagamos, senón mátote!

O paspán aceptou e dixo que si a todo. Entón o xigante falou:


—Mañá pola mañá habemos vir darlle un golpe a este penedo e veremos quen dos dous lle fai un burato máis fondo.

O Camilo colleu medo pero pensou na mellor maneira de lle gañar ao xigante e, cando pola noite foi levar as ovellas á casa, pediulle a súa nai que lle dera un papel, un cicel e un martelo. Coas tres cousas volveu para o monte esa mesma noite e estivo furando no penedo ata facer un burato tan grande que podía meter nel unha

man ata o cóbado. Tapou o burato co papel para que non se vise e volveu para a casa coas ferramentas antes de se ir deitar á casa do xigante, sempre caladiño para que este non se dese conta de nada. Ao amencer foron os dous cara o penedo para ver quen era o que ía facer o furado máis grande dun só golpe. E dixo o xigante:

—Quen bate primeiro na rocha? Camilo contestou que primeiro sería el e, dando co puño onde puxera o papel, meteu o brazo ata o cóbado.

Image: ananos e xigantes.jpg



Despois tocoulle ao xigante e con un forte golpe só conseguiu chegar ata o pulso; rompeu os dedos e díxolle ao paspán:

—Como fixeches ti?

E contestou este:

—Dándolle!

Aquel día gañoulle ao xigante os primeiros vinte pesos, que lle foi levar a súa nai. Ao día seguinte díxolle o xigante:

—Mañá imos ver quen pincha máis carballos dun só trompazo!

Aquela noite o Camilo volveu xunto da súa nai e pediulle un serrón, e con el foi serrar sete carballos, deixándoos só presos pola casca. Volveu levar o serrón á casa e marchou durmir á casa do xigante para que non se dera conta de nada. Pola mañá erguéronse e foron pinchar os carballos, e volveu dicir o xigante:

—Ti ou eu?

Dixo o parvo:

—Eu!

Deulles con moita forza e tirou os sete que tiña preparados. Despois foi o xigante e tirou tres, e díxolle ao Camilo:

—Ti pareces o Demo; sempre me gañas! Pois mañá imos a ver quen come máis papas!

Ao día seguinte puxéronse a comer nas papas. O paspán comeu sete cuncas e o xigante catorce. Nisto o parvo preguntoulle ao xigante:

—Habemos comer máis papas?

—A min aínda non me chegaron a nada —respondeu o xigante— E xa sabes, se non comes máis ca min, só che queda morrer.

Nisto, o parvo, sen que o xigante o vise, foi á corte dos bois, matou un e quitoulle o fol. Meteuno por debaixo da camisa e volveu para cabo do xigante e seguir comendo nas papas. O xigante chegou a comer vinte cuncas e o Camilo trinta e sete, e aínda dicía que quería máis (pero non as comía realmente, senón que as ía metendo no fol que lle quitara ao boi e que levaba moi ben agachado por debaixo da camisa). Nisto, o xigante, que xa non podía máis, díxolle:

—Gañaches outra vez pero agora heite matar porque non has correr máis ca min!

Pola mañá do día seguinte puxéronse a correr arredor dunha leira de pan para ver quen daba antes sete voltas e saber quen sería o vencedor. O xigante corría máis e cando o Camilo chegou xunto del, xa tiña dadas tres voltas. Cerca desta leira andaba unha muller segando con un fouciño e o parvo pediulle que llo deixara, e amosándollo ao xigante, díxolle:

Image: xigante 1.jpg

—Agora vou abrir a miña barriga!

En vez de abrir a barriga, abriu o fol do boi que levaba escondido e así corría moito máis lixeiro. Ao ver isto, o xigante tamén lle pediu o fouciño á muller, e abriu a barriga, quedando morto.

Ao final gañou o Camilo, a quen todos chamaban o parvo.

[Versión achegada por M<sup>a</sup> Celina Cruz Rodríguez, de Lugo. Novembro de 2013]

### \_\_\_\_\_**Nota da recompiladora**

Este é un conto que llo teño oído moitas veces á miña tía Felisa; en realidade era tía da miña madre, pero sempre lle chamamos así: Tía Felisa. Era unha muller guapa e de moi bo trato, á que quixen moito, e que contaba moi ben os contos. Tiña un aquel extraordinario para manernos aos picariños calados e moi atentos ás súas palabras. Contábanos estes contos hai xa ben anos, cando recén casada viñera vivir para Lugo nunha casa no Agro do Rolo. Naquel pequeno piso, por baixo da bufarda, oíamos pampos aqueles contos que tanto nos gustan mentres a tía ía botando na tixola, cullerada a cullerada, a masa da que saían os fritos. A dicir verdade xa non sei se íamos vela por oírle aqueles contos ou por comer os fritos que tan ben nos sabían, feitos con leite, fariña e ovo e que, de seguro, hoxe en día chamariámoslles “buñuelos”, porque agora todo é máis refinado.

## **BIBLIOGRAFÍA**

### **OUTRAS VERSIÓNS ORAIS REXISTRADAS EN GALICIA**

**CARRÉ ALVARELLOS, Lois.** *Contos populares da Galiza*. Museu de Etnografía e Historia. Porto: 1968.

[ Andada de tres irmáns , n° 87, páx. 181-185. Recollido en *Sergude, Carral (A Coruña)*]

[ O queixeiro e o ladrón , n° 24, páx. 96-99. Recollido en *Meixigo, Cambre (A Coruña)*]

[ A cova do galeguiño , n° 214, páx. 361-362. Recollido en *Sergude, Carral (A Coruña)*].

*Contos populares da provincia de Lugo*. Centro de Estudos Fingoy, Lugo: 1963

[ O bobo e o xigante\* , n° 122, páx. 139-142. Recollido en *Vilapedre, Sarria (Lugo)*].

\*Anotamos a coincidencia case mimética da versión que publicamos con esta.

**NOIA, Camiño.** *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*. Universidade de Vigo: 2010

[Para o tipo 1060 reproduce  O queixeiro e o ladrón , n° 24, páx. 96-99. Recollido en *Meixigo, Cambre (A Coruña)*].

[Para o tipo 1060A reproduce  A cova do galeguiño , n° 214, páx. 361-362. Recollido en *Sergude, Carral (A Coruña)*].